

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **21 de xuño de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. Jorge Pumar Tesouro D. Vicente Gómez García D. ^a Isabel Gil Álvarez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 21 de xuño de 2018 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MAIO 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de maio de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DO PROXECTO DE MINARÍA NA ZONA DENOMINADA MAN DA MOURA.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do BNG e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourenzana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que o Pleno se declare contrario á implantación deste proxecto mineiro.

2º.- Que lle sexa remitida esta declaración aos concellos afectados.

3º.- Que se lle traslade á consellería competente a nosa preocupación pola implantación deste proxecto mineiro e se lle esixa un estudo actual do impacto que pode provocar e da necesidade dunha nova declaración medio ambiental nunha zona de alto “valor patrimonial”.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda, prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** dá conta da pregunta rexistrada polo BNG en relación cun vertido detectado no río Barbaña o 27 de maio, solicitando que nesta comisión se facilite a información da que se dispoña sobre o dito vertido e das actuacións da Deputación e de Aquaourense.

A **presidenta da comisión** informa que á vista da dita pregunta se solicitou un informe da dirección da Área de Medio Ambiente, o cal foi emitido e do que se lle entregará copia ao BNG ao finalizar a sesión, se ben considerouse pertinente a presenza do director da Área de Medio Ambiente, don Javier Bobe Vázquez, para que poida aclarar o contido do dito informe, e cédelle a palabra para que expoña o contido do informe.

O **director da Área de Medio Ambiente**, en primeiro lugar quere aclarar, en canto á intervención da Deputación, que se debe distinguir a competencia para a autorización, seguimento e control dos vertidos en función do destino destes, xa que se os vertidos son á canle o órgano competente é o organismo de conca, neste caso a Confederación Hidrográfica, mentres que se son ás redes de sumidoiros, a competencia é do concello. A

intervención da Deputación Provincial realizouse precisamente porque os concellos de San Cibrao das Viñas e O Pereiro de Aguiar teñen delegada a competencia de autorización, control e seguimento dos vertidos en solo industrial destes concellos. A continuación procede a realizar un relato dos feitos ocorridos en relación co vertido ao que se alude na pregunta. Indica que sobre as 13.00 horas do mencionado día recibiu unha chamada o alcalde de San Cibrao das Viñas indicando que na zona de Ponte Noalla parecía que existía un vertido no río. Di que, inmediatamente, persoal de Aquaourense e da Área de Medio Ambiente da Deputación que se atopaban pola zona acudiron ao lugar e, efectivamente, se puido comprobar que no río existían restos e índices dun vertido, procedéndose a tomar mostras, cuxos resultados analíticos figuran no informe emitido. Relata cales foron as actuacións do dito persoal en colaboración co SEPRONA e o persoal da Confederación Hidrográfica ata que, sobre as tres da tarde, o dito persoal abandonou a zona do vertido unha vez que a Confederación Hidrográfica se fixo cargo da situación e aplicou os seus propios protocolos. Dos anteriores feitos, e tal e como aparece reflectido no informe, pódese concluír que o vertido se produciu nas seguintes circunstancias: en primeiro lugar, parece que houbo un funcionamento extraordinario (fóra do ordinario) da rede de saneamento, motivado por un determinado incremento de fortes precipitacións, que fixo que se sobrecargase a rede e entrasen en funcionamento os aliviadoiros que son os que verten a auga da rede directamente ao río cando hai o dito funcionamento extraordinario. Parece que ese funcionamento dos aliviadoiros e por outro lado a realización do vertido, fixeron que ese acabase directamente no río e non na EDAR. Por último, o director da Área de Medio Ambiente, en relación coa pregunta sobre as medidas futuras que se deben tomar pola Deputación para evitar esta situación, procede a explicar brevemente algunhas das planificadas para as próximas datas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, agradece previamente a intervención do director da Área de Medio Ambiente e as explicacións dadas. Seguidamente pregunta por un segundo vertido que parece se produciu en días posteriores, tamén ao río Barbaña.

O **director da Área de Medio Ambiente**, contesta que tamén se tivo coñecemento do dito vertido pola prensa, pero que este se produciu augas abaixo da depuradora, polo que non procedería da rede de saneamento e a Deputación carecería de competencia para actuar, sendo a Confederación Hidrográfica o organismo competente.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, solicita igualmente copia do informe e pregunta por qué as analíticas realizadas pola Deputación se refiren á parte acuosa do vertido e non á parte graxa ou máis sólida como indicou o director da Área de Medio Ambiente.

O **director da Área de Medio Ambiente**, aclara que, en todo caso, as competencias da Deputación se refiren unicamente á rede, de aí que se analizase só esa parte, que está nunha maior parte fóra de parámetros, polo que a parte non analizada o estaría aínda máis.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pregunta se precisamente analizando esa parte non acuosa ou sólida que non se analizou, non habería posibilidade de coñecer a empresa causante do vertido.

O **director da Área de Medio Ambiente**, aclara que coñecer de forma indubidable como esixe a normativa a procedencia dun vertido resulta moi difícil. No momento que calquera vertido se mestura con auga ou con outros líquidos ou substancias a dita identificación resulta moi complicada. En todo caso, desde a Área de Medio Ambiente e desde a concesionaria da Deputación sempre se realizan todas as tarefas posibles para intentar determinar a empresa causante, para que posteriormente se lles instrúa o preceptivo expediente sancionador.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, comenta que despois de escoitar o relatorio do director da Área de Medio Ambiente parece evidente que o sistema de depuración existente non é perfecto, senón que parece que ten algunhas deficiencias, polo que roga que se adopten as medidas necesarias para evitar sucesos como o que se está tratando.

O **director da Área de Medio Ambiente**, quere deixar claro en todo caso que a infraestrutura existente é legal e cumpre toda a normativa. Sen prexuízo do anterior, as

infraestruturas, na medida do posible, deben ir adaptándose aos avances tecnolóxicos. Para isto a normativa sempre prevé prazos de adaptación, que en todo caso van depender sempre dos recursos económicos da administración. Indica que o prazo de caducidade dos aliviadoiros situados na zona de Ponte Noalla, polos que presuntamente se causou o vertido, teñen data de caducidade o 31 de decembro de 2019. Engade que as infraestruturas novas están substituíndo estes aliviadoiros por tanques de tormenta, dos cales a Confederación Hidrográfica xa instalou nunha zona dos polígonos, se ben entende que o Concello de San Cibrao das Viñas non tería capacidade económica para afrontar unha obra destas características. Como última reflexión o director da Área de Medio Ambiente quere lembrar que en todo caso a responsabilidade é sempre da empresa causante do vertido, que a administración poderá ser máis ou menos eficiente no control e seguimento, así como na imposición de sancións, pero que é realmente difícil en moitas ocasións determinar de forma inequívoca quen foi o causante dun vertido.

Antes de finalizar, **don José Antonio Feijóo Alonso, do Grupo Popular**, quere demostrar o seu agradecemento ao director da Área de Medio Ambiente pola súa comparecencia e as súas explicacións.

E, ás 18.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.